

CONCURSO

Contos para a Escola de Minas e Enerxía *Contos_eme 2022*

2 premios:

- Bachelato
200 € + diploma
- Alumnos da universidade
200 € + diploma

Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Envía os teus relatos
antes do 30 de outubro
de 2022

Máis información:
minaseenerxia.uvigo.es

CONCURSO

Contos para a Escola de Minas e Enerxía

Contos_eme 2022

2 premios:

- Bachelato
200 € + diploma
- Alumnos da universidade
200 € + diploma



Envía os teus relatos
antes do 30 de outubro
de 2022

Máis información:
minaseenerxia.uvigo.es

Universidade de Vigo

Contos_eme 2022

Dende 1994 a asociación Women's Engineering Society (WES) promove o 23 de xuño como o día internacional da Muller na Enxeñaría. Este ano 2022, a asociación International Women in Mining (IWIM) promove o 15 de xuño como 1º día Internacional da Muller na Minería.

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME) súmase a estas celebracións e lanza no mes de xuño o seu 1º concurso de microrrelato baixo o título Contos para a Escola de Minas e Enerxía (Contos_EME 2022).

Bases do concurso

- Os relatos deberán ser orixinais, en lingua galega ou castelá. Deberán empezar coa frase seguinte, segundo o idioma:

“Cando ela nos dixo que ía estudar Enxeñaría na Escola de Minas e Enerxía...”

“Cuando ella nos dijo que iba a estudiar Ingeniería en la Escuela de Minas y Energía...”
- Cada participante só poderá presentar un relato. Deberá ter, sen contar a frase inicial obrigatoria, unha extensión mínima de 200 palabras, máxima de 300 e estar escrito con letra Arial 11 e entreliñado de 1 liña.
- Categorías:
 - Alumnado matriculado no curso 2022/23 en calquera das modalidades de bacharelato.
 - Alumnado matriculado no curso 2022/23 de Grao ou Mestrado na Universidade de Vigo.
- Entregarase un premio por categoría que consistirá en diploma acreditativo e 200 euros.
- Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria correspondente. Os premios estarán suxeitos á retención da porcentaxe de IRPF que corresponda.
- Os relatos gañadores do concurso pasarán a ser propiedade exclusiva da entidade organizadora, polo que as persoas premiadas aceptan ceder os seus dereitos, a excepción da autoría.
- O xurado estará formado por cinco persoas, 3 do centro en representación de profesorado, PAS e alumnado, e dúas serán alleas entre as que haberá un escritor ou escritora.
- Os relatos deben enviarse, en formato pdf, por correo electrónico a eme@uvigo.gal. O tema do correo deberá ser “concurso de relatos”, e no propio correo aparecerán os datos de autoría: nome, apelidos, DNI, correo de contacto e o nome do centro de matrícula.
- O prazo de presentación remata o 30 de outubro de 2022, ás 20h. O premio entregarase na primeira semana de decembro cos actos de celebración de Santa Barbara, patroa do centro.
- Os datos persoais só serán coñecidos pola organización, que garante o anonimato durante o proceso de deliberación. Só serán usados para este concurso e non serán comunicados ou cedidos a terceiros.
- A participación neste concurso implica o coñecemento das bases e a aceptación da interpretación das mesmas por parte da organización, en caso de dúbida.